

-Proceder á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO

1. Obxectivos.

«-Coñecer e intercambiar experiencias e instrumentos de actuación entre técnicos da Administración pública galega.

-Establecer un marco de reflexión sobre os custos derivados da xestión dos servizos deportivos e estudar os sistemas e mecanismos para aplicar o equilibrio financeiro nos proxectos de xestión deportiva.

-Análise da dimensión e o conxunto de alternativas existentes desde a perspectiva da xestión e posto en valor dos espazos deportivos públicos, así como as derivacións conseguintes en seguridade e responsabilidade.

-Análise das estratexias para abordar a xestión e a colaboración pública privada na xestión do deporte local.

2. Destinatarios.

Responsables das áreas de deporte da Administración autonómica e local.

4. Contido.

Introdución -Marco sobre a nova política deportiva galega. As políticas deportivas nas administracións públicas. Directrices e evolución. As instalacións deportivas: planificación, deseño e mantemento. Plan estratéxico deportivo local. O financiamento do deporte nas administracións públicas, ámbito local. Patrocinio e mecenato. Xestión da seguridade e instalacións, eventos e actividades deportivas. Sistemas de xestión do deporte no sector público. Experiencias de xestión entre o público e o privado. Criterios de calidade nos servizos deportivos públicos. Novas ferramentas ao servizo da xestión. As novas tecnoloxías.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 10 de xuño de 2010 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para varios programas de axuda ao abeiro da base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial (procedementos IG100 e IG101).

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), na súa xuntanza do día 8 de febreiro de 2008, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación da base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial.

Mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 procedeuse á publicación da dita base, á convocatoria de varios programas de axuda e á publicación dos créditos asignados a cada un deles (DOG nº 55, do 18 de marzo).

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro) modificáronse as bases para adaptalas ao Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías, e estableceuse no seu punto sexto que, á vista do volume das solicitudes presentadas para cada liña, o director xeral do Igape poderá redistribuír os créditos aprobados, amplialos, así como modificar as partidas orzamentarias mediante resolución publicada para o efecto.

Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas e tratando de dar resposta á ampla demanda de axuda, semella oportuno incrementar o importe aprobado para os seguintes programas:

-Proxectos de investimento empresarial superior a 500.000 € (procedemento IG100).

-Proxectos de servizos avanzados intensivos en emprego (procedemento IG101).

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Amplíase en 6.000.000 € o crédito para o exercicio 2010 e en 6.000.000 € para o exercicio 2011 para os proxectos de investimento empresarial superior a 500.000 € (procedemento IG100) e de servizos avanzados intensivos en emprego (procedemento IG101), con cargo á partida orzamentaria E2/10/02-656700, resultando o crédito dispoñible de 26.000.000 € para o exercicio 2010 e 6.000.000 € para o exercicio 2011.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 14 de xuño de 2010, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, nomeado mediante Orde do 1 de setembro de 2009, pola que se dá publicidade á relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 14 de xuño de 2010, o tribunal nomeado pola orde da Consellería de Facenda do 1 de setembro de 2009, para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Orde